

ANUNCIO

RELACIÓN DEFINITIVA ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS, DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PARA O PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A

Por resolución de alcaldía de data 16/12/2024 aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo dunha praza de arquitecto/a técnico/a:

“EXPEDIENTE: 4880/2024

RELACIÓN DEFINITIVA ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS, DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PARA O PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A

Por resolución de alcaldía de data 04/10/2024 aprobáronse as bases e a convocatoria para a confección dunha bolsa de emprego para o nomeamento de arquitectos/as técnicos/as.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 197 de data de 11 de outubro 2024 e na páxina web do concello www.boiro.gal, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

O 25 de outubro rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 12 solicitudes.

O 06 de novembro de 2024 publicouse o anuncio onde constaba a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas un prazo de 05 días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Neste prazo D. Alejandro Díaz Anoeta e D. Martín Fernández Godón presentaron alegacións á listaxe provisional publicada.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobados os requisitos esixidos nas bases desta convocatoria, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Considerando as competencias atribuídas ó Alcalde polos artigos 21.1.g. e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar definitivamente admitidas na oposición convocada por resolución de alcaldía de data 04/10/2024, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para o nomeamento de arquitectos/as técnicos/as, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:



NIF	Nome	Proba Galego
3267	ALEJANDRO DIA	Exento
7932	BASILIO CANO	Exento
3268	CARLOS FERNANDE	Exento
79336	DAVID GOMEZ CA	Exento
34979	GABRIEL BANGUE	Exento
33292	JUAN MEJUTO P	Exento
76777	MARCOS SAYAR	Exento
79311	MARIA JOSEFA RA	Exento
76969	MARTIN FERNANDE	Exento
78792	RAQUEL CASTR	Exento

Segundo.- Declarar definitivamente excluídas na oposición convocada por resolución de alcaldía de data 04/10/2024, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para o nomeamento de arquitectos/as técnicos/as, ás seguintes persoas aspirantes polos seguintes motivos de exclusión:

NIF	Nome	Motivo de exclusión
76779	CARMEN MARIA FERNANDE	Documentación fora de prazo + Non acredita pago da taxa de dereitos de exáme / documentación xustificativa para súa bonificación.
46912	MARIA VANESA ALD	Non acredita pago da taxa de dereitos de exáme / documentación xustificativa para súa bonificación.

Terceiro.- Designar ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidente: Ignacio Soto Álvarez (*Suplente: Severino Abalo Chouza*)

Secretario/a: Ángela M^a Viqueira Allo (*Suplente: María López Docampo*)

Vogal 1: Juan Jesús Raposo Arceo (*Suplente: Marta Oviedo Creo*)

Vogal 2: Mercedes Maseda Martínez (*Suplente: Beatriz González Vecín*)

Vogal 3: Olivia Souto Freiría (*Suplente: Josefa Campaño Carballo*)



Cuarto.- Facer pública, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal a listaxe definitiva das persoas admitidas, e **convocar ós/ás aspirantes** admitidos/as para o **VENRES 27 de DECEMBRO de 2024 ás 09:30 h. no salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Boiro** para a realización dos exercicios da oposición.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Quinto.- Notificar a presente resolución ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro na data que se indica ó marxe, na sinatura dixital.

O alcalde do Concello de Boiro

